Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@concellodepadron.es
www.concellodepadron.es
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS PARA GASTOS DE TRANSPORTE DURANTE O CURSO ACADÉMICO 2013/2014.

PRIMEIRA: DISPOSICIÓNS XERAIS

Estas normas teñen por obxecto establecer os criterios e procedemento de concesión de axudas económicas para afrontar os gastos de transporte derivados de cursar estudios fora do termo municipal de Padrón durante o curso académico 2013/2014 constituíndo unha acción de fomento.

A concesión das subvencións previstas nas presentes bases tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, de conformidade co establecido na base nº 43 de execución do orzamento municipal vixente prorrogado para o 2014, que actúa coma ordenanza xeral de subvencións do Concello de Padrón.

SEGUNDA: OBXECTO DA SUBVENCIÓN

A presente convocatoria ten por obxecto a concesión de axudas económicas para atender os gastos de transporte derivados de cursar estudios fora do termo municipal de Padrón durante o curso académico 2013/2014 para aqueles alumnos que cursen estudios en calquera das universidades galegas, centros de formación profesional, ou outros centros educativos, públicos ou concertados, sempre e cando as materias obxecto de estudio non se impartan en outros centros educativos ou de formación do Concello de Padrón.

TERCEIRA: FINALIDADE DA SUBVENCIÓN

Constitúe a finalidade das axudas económicas que se convocan favorecer a formación académica dos estudiantes de Padrón naqueles estudios que non se imparten no Concello.

CUARTA: CONTÍA DAS SUBVENCIÓNS E DOTACIÓN ORZAMENTARIA

Para o financiamento deste programa de axudas existe crédito por importe de 2.000,00 euros na aplicación orzamentaria 324/480.01 do orzamento en vigor para o ano 2014.

As axudas que se concederán serán 25 cunha contía fixa de 80,00 euros para cada un dos beneficiarios, e faranse efectivas mediante transferencia na conta bancaria cuxos datos sexan facilitados polo interesado.

QUINTA: BENEFICIARIOS

Teñen a condición de beneficiarios as persoas físicas que cumpran os seguintes requisitos:

- estar empadroado no Concello de Padrón
- cursar estudios non impartidos no Concello de Padrón, tal e como se explicita na base segunda da convocatoria
- que non sexan beneficiarios doutras axudas para a mesma finalidade
- non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

SEXTA: SOLICITUDE

a) **Presentación de solicitudes**: as solicitudes para a concesión da presente axuda formalizaranse en impresos oficiais facilitados aos interesados polo Concello e presentaranse no Rexistro xeral do Concello debidamente cubertos. Ditas solicitudes deberán acompañarse da seguinte documentación:

   - fotocopia compulsada do DNI do solicitante
   - certificado de empadroamento no Concello de Padrón do solicitante

- fotocopia compulsada da matrícula oficial de estudios ou certificado expedido polo centro de ensinanza, acreditativo de que o solicitante cursou estudios no mesmo para o curso escolar 2013/2014.
- libro de cualificacións ou certificación académica das cualificacións obtidas no curso 2013/2014
- datos bancarios relativos á entidade, número de conta e titular
- declaración responsable do solicitante de non percibir ningunha axuda doutro organismo ou Administración Pública para a mesma finalidade
- declaración responsable do solicitante de non incorrer nin ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

As compulsas poden realizarse no Concello polo funcionario/a competente presentando os documentos orixinais.

b) **Prazo de presentación de solicitudes**: o prazo de presentación das solicitudes será dun mes contado dende o día seguinte ao da publicación do anuncio de aprobación destas bases no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña e no Taboleiro de anuncios do Concello de Padrón.

SÉTIMA: PROCEDEMENTO

O estudio e valoración das solicitudes realizarase pola Comisión de Valoración, integrada polos seguintes membros:

Presidente: O Alcalde ou persoa que legalmente o substitúa

Vogais: a Traballadora Social Municipal Dna. Mª Dolores Quintáns Longueira

a Educadora Familiar Dna. Xulia Blanco Fernández

a administrativa do Departamento de Intervención Dna. Pilar González Castro.

Vogal substituto: a coordinadora de voluntariado Dna. Pilar Lorenzo Campos

Secretaria: Dona María Josefa Fernández Dopazo.

Secretario substituto: Marcelino Rivera Rarís.

O procedemento de estudio e valoración axustarase ás seguintes tarefas e fases:

- comprobación previa tendente a verificar que os solicitantes reúnen os requisitos esixibles. No caso de que fosen apreciados defectos de forma ou documentación incompleta, requirirase a corrección ou rectificación no prazo improrrogable de 10 días, arquivándose o expediente sen máis trámite se esta non se efectuase.
- Unha vez determinadas as solicitudes admitidas a trámite, procederase de acordo co seguinte procedemento:

1ª FASE: á vista das solicitudes presentadas e admitidas, calcularase se o crédito existente é suficiente para cubrilas todas. O crédito de 2.000,00 euros consignado na correspondente aplicación orzamentaria permite cubrir 25 solicitudes. De ser así, xa non será necesario pasar á seguinte fase.

2ª FASE: de non ser suficiente o crédito para cubrir o total das solicitudes procederase á determinación dos beneficiarios mediante a suma dos puntos obtidos tras a aplicación dos seguintes criterios:

Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@concellodepadron.es
www.concellodepadron.es
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

1º) Expediente académico: 60 puntos.

Para a baremación deste criterio calcularase o sumatorio das notas obtidas no curso 2013/2014 e dividirase entre o número de asignaturas nas que estea matriculado o alumno. Para o cálculo do sumatorio estarase á seguinte puntuación:

- matrícula honra: 12 puntos
- sobresaínte: 10 puntos
- notable: 8 puntos
- ben: 6 puntos
- aprobado: 5 puntos
- suspenso ou non presentado: 0 puntos

Ao alumno coa mellor nota media académica outorgaráselle a máxima puntuación e para o cálculo dos demáis aplicarase unha regra de tres simple.

2º) Maior distancia kilométrica do domicilio ao centro de ensino: 40 puntos

Para a baremación deste criterio terase en conta coma punto de orixe o Concello de Padrón e coma punto de destino a poboación na que radique o centro escolar.

A maior distancia kilométrica outorgaráselle a maior puntuación e para o cálculo das demáis aplicarase unha regra de tres simple.

3º) A prioridade na selección dos solicitantes no caso de empate virá determinada a prol das mellores cualificacións académicas.

OITAVA: PROPOSTA DE SUBVENCIÓN

A Comisión de valoración da subvención procederá a realizar a proposta de concesión e denegación de subvencións segundo os criterios previstos nas presentes bases. A proposta deberá conter a relación de solicitantes para os que se propón a concesión ou denegación da subvención, a súa contía e os criterios de valoración quen dean lugar á proposta.

NOVENA: CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN

Posteriormente á proposta efectuada pola Comisión de valoración, a proposta pasará á Intervención Municipal para que realice a súa fiscalización. A partir da proposta da Comisión de valoración informada pola Intervención, a Xunta de Goberno Local resolverá sobre a concesión ou denegación das axudas, mediante acordo motivado no que se especifique a relación de solicitantes aos que se concedeu as subvencións e aos que se lles desestiman. O prazo máximo para a resolución e a notificación non poderá exceder de tres meses dende a data de finalización do prazo de presentación das solicitudes de subvención.

O outorgamento das subvencións notificarase aos interesados de acordo co establecido nos artigos 58 e 59 da Lei 30/1992. A resolución de concesión tamén se fará pública mediante exposición no taboleiro de anuncios municipal durante o prazo de un mes.

DÉCIMA: XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

Pola natureza da actividade subvencionada, a xustificación das presentes axudas entenderase realizada coa presentación ao Concello da matrícula oficial de estudios ou certificación expedida polo centro de ensino acreditativo de que o beneficiario cursou estudios no mesmo durante o curso académico 2013/2014.

O pagamento das axudas efectuarase aos beneficiarios mediante transferencia bancaria na conta sinalada polos mesmos.

UNDÉCIMA: COMPATIBILIDADE DAS SUBVENCIÓNS

A concesión destas axudas será incompatible con calquera outro tipo de subvención para a mesma finalidade.

DUODÉCIMA: DISPOSICIÓN FINAL

Para o non regulado nestas bases estarase ao disposto na Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no Real Decreto 887/2006 de 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, a Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia, a Base de execución nº43 do orzamento en vigor e a Lei 30/1992 de Réxime xurídico das Administracións Públicas e Procedemento administrativo común.